



En Santiago de Compostela a 26 de xaneiro de 2012

Estimado socio, estimada socia:

En primeiro lugar queremos aproveitar para enviarnos un saúdo.

Adxuntamos a convocatoria e orde do día da II Asemblea Ordinaria de Fiare-Galiza, que terá lugar o vindeiro sábado 11 de febreiro en

Adxuntamos tamén os planos de situación para facilitar a chegada ata o lugar.

A xornada terá o seguinte horario:

10.00: Asemblea Ordinaria de Fiare Galiza, Recollida de Credenciais e Primeira Convocatoria:

10.30: Asemblea Ordinaria de Fiare - Galiza, Segunda Convocatoria, coa seguinte orde do día:

1- Aprobación, se procede da xestión da Xunta Directiva: Presentación do Informe de Xestión (que inclúe o informe de Actividades e o informe de socias).

Rogos e preguntas

2- Aprobación, se procede, da memoria económica 2011

Rogos e preguntas

11.40 RECESO

12.00 Presentación e información sobre o proxecto Fiare a nivel estatal por parte de Clara Soler.

- Cuestións sociais.

- Cuestións estruturais: traballo dos grupos locais e relación coas socias.

13.15 Presentación do borrador ou documento de proposta do Plano de Actuación 2012 e explicación do obradoiro de dinamización da sesión de tarde.

14.00-16.00 XANTAR COMPARTIDO. Cada persoa asistente levará comida para poñer en común.

16.00 Dinámica de funcionamento interno: elaboración conxunta do Plano de Actuación 2012.

18.00 RECESO

18.15 - 19.15 Aprobación, se procede do plano de actuacións 2012

Se tedes fillos ou fillas pequenas e queredes traelas está prevista a organización dun servizo de gardería se existe demanda suficiente. Para poder programalo debes avisarnos con tempo (antes do día 5 de febreiro) ao correo "arela_galicia@yahoo.es", indicando a idade dos rapaces ou rapazas, para que poidamos preparar actividades axeitadas á súa idade, e se ides asisteir á xornada completa ou só a unha parte (mañá ou tarde).

Unha das bases principais do proxecto Fiare é o seu funcionamento dende a base coa colaboración real da cidadanía, por iso é moi importante a vosa presenza e participación. Agardámosvos!

Un Saúdo

Secretaría da Xunta Directiva de Fiare Galiza.